



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO PREGO DE OLIVER 100 ANOS

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

21 SET. 2016

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro de 2015, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Jesús Vázquez Abad, na súa condición de alcalde do Concello de Ourense (CIF: P-3205500F), actuando en nome e representación do Concello de Ourense, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levaren adiante este convenio e,





Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades que en materia cultural teñen os habitantes desa comarca.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levados a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de encontros e actividades que permitan un maior coñecemento dela.

O Concello de Ourense vén desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión da cultura galega; neste caso con motivo do centenario do nacemento do artista galego Manuel Prego de Oliver no ano 2015, desde o museo municipal de Ourense lévase a cabo un proxecto singular, novedoso e





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



interdisciplinar no que se pon de manifesto ao autor xa coñecido e se redescubre a un novo Prego de Oliver nas súas múltiples e integradas facetas. Manuel Prego de Oliver foi un exemplo de autenticidade creativa e sentimento, capaz de transmitir o seu amor e profundo respecto pola cultura e a arte aos seus contemporáneos, así como ser xerador dunha gran achega á historia galega.

Con este proxecto municipal a cidade busca revalorizar e dar a coñecer un dos seus creadores máis salientables do século XX e transmitilo así as futuras xeracións, apostando pola integración e colaboración entre as institucións que velan pola cultura e o coñecemento edificador .

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a entregarlle ao Concello de Ourense a cantidade de 15.000 €, como contribución para a realización do proxecto adicado a Prego de Oliver con motivo do seu centenario.

A cantidade de 15.000 € financiarase, con fondos propios, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.1, dos orzamentos da comunidade autónoma galega para 2016, código de proxecto 201500370.

O obxecto deste convenio é a realización dun proxecto destinado á conmemoración do centenario do nacemento do artista galego Manuel Prego de Oliver.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

4)

Este proxecto denominado **Prego de Oliver 100 ANOS** comprenderá exposicións, talleres didácticos, conferencias, publicacións e todo tipo de actos divulgativos que afondar na figura do pintor e no seu modo de entender a vida a través da arte, onde se poñerán de manifesto as novas achegas ao seu estudo.

As exposicións divídense nas seguintes:

Prego de Oliver e a captación do Eterno. O óleo como materialización da súa plástica


Esta exposición reúne a obra pictórica representativa da súa extensa produción. Está presidida por obra identitaria que mostra a técnica por el elixida como ferramenta primordial, o óleo, e a súa vez traslada ao espectador a unha vital innovación, creación, reflexión e diálogo constante a través da arte desde unha perspectiva propia.

Prego de Oliver, un pintor de ideas e arquetipos. Do boceto á Obra gráfica

Técnica de debuxo, que se desenvolve dende a experimentación material e temporal, que leva a configurar o seu xeito de entender a arte da pintura. O debuxo está presente como compañeiro fiel e apórtalle a inmediatez na plasmación do activo creativo vivo.

O taller: espazo de creación e materialización plástica. A súa obra inédita

Nesta exposición móstrase a súa obra dende un punto de vista material. As múltiples técnicas artísticas desenvolvidas por Prego de Oliver son aquí protagonistas para desvelar e poñer de manifesto o seu amplo modo de facer, o xeito no que o autor transformaba a idea en materia e á súa vez en forma e viceversa.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



Este proxecto comprende tamén a catalogación da obra, dixitalización de arquivos e fotográfica de calidade, análise científico da obra e os seus materiais, impresión de libros, publicidade e visitas, talleres e conferencias.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, porque se trata dun proxecto que polas características mencionadas é único en España.

Por todo o anterior, o Concello de Ourense é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- O Concello de Ourense comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

6)

subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa. O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 15.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.1 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2016, código de proxecto 201500370.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 12.000,00 €. O importe restante, 3.000,00 €, pagarase no momento da completa xustificación polo concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

No caso de que o concello solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar así como unha memoria económica xustificativa co custo das actividades.

O Concello de Ourense estará obrigado a xustificar ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o cumprimento da finalidade da subvención e a realización da actividade, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada pola documentación que se detalla a continuación:

Documento emitido polo Concello de Ourense e asinado electrónicamente conforme a Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica. Pode verificar a integridade deste documento accedendo a páxina <https://sede.ourense.gob.es> no apartado 'Validación do CSV' usando o CSV :60B6JVM5Z2XWV6J





Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



a) Certificación expedida pola secretaría do Concello, co visto bo do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe. Anexo II do convenio.

c) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011 de medidas fiscais e administrativas).

A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade é o 15 de decembro de 2016.

Segundo o establecido no artigo 4 do decreto 193/2011, é necesario que o Concello de Ourense cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

8)

No caso de que o Concello de Ourense non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2016, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que o concello concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado

Este documento emitido polo Concello de Ourense e asinado electrónicamente conforme a Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica. Pode verificar a integridade deste documento accedendo a páxina <https://sede.ourense.gob.es> no apartado 'Validación do CSV'

CSV: 606BQJW5Z2XMYGJ





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros , as administracións públicas.

CUARTA.- O Concello de Ourense deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Anexo I do convenio.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

QUINTA.- O concello de Ourense comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

10)

SEXTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo alcalde do Concello de Ourense.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Ourense acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Documento emitido polo Concello de Ourense e asinado electrónicamente conforme a Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.
Pode verificar a integridade deste documento accedendo a páxina <https://sede.ourense.gob.es> no apartado 'Validación do CSV' usando o CSV :60GBGJVW5Z2XVQJ





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA- O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2016

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González



O alcalde do Concello de Ourense

Jesús Vázquez Abad



DILIXENCIA

Para facer constar que se aprobou pola Xunta de
Goberno Local de data **19 AGO. 2016**
A CONCELLEIRA SECRETARIA,



Ido. Goye Godey Gómez-Frenqueira





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

12)

Documento emitido polo Concello de Ourense e asinado electrónicamente conforme a Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.
pode verificar a integridade deste documento accedendo a páxina <https://sede.ourense.gob.es> no apartado 'Validación do CSV'

CSV: 608B5JVM52ZMMVQJ

Anexo I

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO
DE OBRIGAS TRIBUTARIAS OU FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE
NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA
ADMINISTRACION PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.**

Dona/don JESÚS VÁZQUEZ ABAD con
DNI 36706793 M, en nome e representación da
entidade CONCELLO DE OURENSE, con
CIF P 3205500 F

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade CONCELLO DE OURENSE,
atópase ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á seguridade

